

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiões semanais	Horas anuais	Sesiões anuais
MP0846	Cambios de forma permanente do cabelo	2022/2023	5	87	104

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	NURIA FERNÁNDEZ TORRE, MARÍA VICTORIA RIVERA CORRAL (Subst.)
Outro profesorado	MARÍA VICTORIA RIVERA CORRAL

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Orden do 12 de Xullo de 2011, que regula a avaliación e acreditación académica das ensinanzas de Formación Profesional.

Decreto 114/2010 do 1 de xullo que establece a ordenación xeral de Formación Profesional.

Real Decreto 231/2012 do 18 de outubro polo cal se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Peiteado e cosmética capilar da familia profesional de Imaxe persoal.

Real Decreto 1588/2011 do 4 de Novembro polo cal se establece o título do ciclo formativo de grao medio de Peiteado e cosmética capilar e onde se fixan as sus ensinanzas mínimas.

Ao remate deste módulo o alumnado deberá ser capaz de:

-Facer un estudio da imaxe do suxeito e as condicións e características do cabelo e do coiro cabeludo.

-Identificar a zona de traballo e preparar espazos, equipamentos, cosméticos aparellos para realizar de forma axeitada todos os procesos de cambios de forma permanente no cabelo.

-Executar destramente os procesos de cambio de forma permanente.

-Aplicar as normas de seguridade e hixiene nos procesos de cambio de forma permanente.

Este módulo capacita ó alumno/a para exercer a súa actividade en pequenas e medianas empresas que teñen relación directa coa imaxe persoal, particularmente en establecementos do sector servizos persoais, concretamente de perrucaría, establecementos relacionados coa venda de produtos de imaxe persoal desempeñando servizos de perrucaría, asesoramento e atención á clientela, comercialización de produtos ... Podería ser traballador por conta propia organizando a súa propia empresa.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Transformación do cabelo	Coñecer as distintas fases do cambio de forma permanente, orixe, evolución, mecanismo de actuación dos produtos e diferenciación dos métodos tendo en conta moldes, cosméticos e técnicas de enrolado	14	15
2	Individualización do proceso	Personalización e procedemento para o que interpreta a análise capilar e as demandas formuladas por a persoa usuaria.	10	10
3	Preparación da área de traballo xustificando o procedemento.	Preparación do entorno de traballo, hixiene, saúde e ergonomía.	10	15
4	Protocolos da ondulación permanente, identificando os métodos de redución, enrolamento e neutralización do cabelo.	Execución técnica do proceso de ondulación permanente.	32	25
5	Protocolos de alisamento ou desrizado permanente identificando as fases do proceso.	Execución técnica do proceso de alisamento ou desrizado permanente.	32	25
6	Control de calidade nos procesos de cambios de forma permanente, avaliando os resultados.	Control de calidade nos procesos de cambios de forma permanentes e avaliación dos resultados.	6	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Transformación do cabelo	14

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os métodos de cambios de forma permanente do cabelo, analizando o desenvolvemento do proceso.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as fases dos cambios de forma permanente do cabelo.
CA1.2 Descríbense os mecanismos de acción dos produtos redutores e neutralizantes.
CA1.3 Comparáronse os procedementos de ondulación permanente ao longo da historia cos actuais.
CA1.4 Recoñécense os efectos dos cambios de forma permanente no cabelo.
CA1.5 Diferenciáronse os métodos de realización en función do enrolamento, o molde e os cosméticos.
CA1.6 Xustificáronse as vantaxes e os inconvenientes dos métodos de realización.
CA1.7 Determináronse os criterios de selección do método.
CA1.8 Establecéronse as contraindicacións da aplicación.

4.1.e) Contidos

Contidos
Transformacións de cabelo mediante procedementos fisicoquímicos: descrición e características; orixe e evolución.
Cosméticos redutores e neutralizantes: mecanismo de acción, indicacións e incompatibilidades.
Efectos físicos e químicos dos cambios de forma permanente no cabelo.
Métodos de realización de cambios de forma permanente: vantaxes e inconvenientes; criterios de selección; contraindicacións das técnicas.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Individualización do proceso	10

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Personaliza o procedemento, para o que interpreta a análise capilar e as demandas formuladas.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as demandas da persoa usuaria.
CA2.2 Especificáronse as características físicas e químicas do cabelo con repercusión nestas técnicas.
CA2.3 Recoñeceuse a influencia doutros procesos de peiteado (coloración, descoloración, etc.) na selección da técnica.
CA2.4 Identifícanse as alteracións do coiro cabeludo e do cabelo.
CA2.5 Rexistráronse os datos máis salientables na ficha técnica.
CA2.6 Deseñáronse procedementos de traballo personalizados.
CA2.7 Xustificouse a proposta estética interpretando a demanda e a análise.

4.2.e) Contidos

Contidos
Técnicas para detectar as demandas, as necesidades e as expectativas da persoa usuaria: instrumentos e fases.
Parámetros físicos e químicos do cabelo con repercusión nos cambios de forma permanente: aplicación dos métodos de observación.
Identificación de alteracións do cabelo e no coiro cabeludo con repercusión nos cambios de forma permanente.
Influencia das técnicas de peiteado sobre o cambio de forma (tinción, descoloración, tratamentos cosméticos, técnica de corte, permanente, etc.).
Elaboración e formalización da ficha técnica nos cambios de forma permanente.
Selección de técnicas en función da análise previa: vantaxes e inconvenientes.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Preparación da área de traballo xustificando o procedemento.	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Prepara o espazo de traballo e xustifica o procedemento.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Acondiciónáronse as instalacións en óptimas condicións de seguridade e hixiene, aplicando os métodos de limpeza, desinfección e/ou esterilización necesarios.
CA3.2 Identificáronse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.
CA3.3 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA3.4 Especificáronse os aspectos básicos da imaxe do persoal profesional.
CA3.5 Determináronse as medidas adecuadas para actuar en caso de riscos imprevistos.
CA3.6 Estudáronse as medidas de protección e seguridade do persoal profesional e a persoa usuaria.
CA3.7 Identificáronse as posturas corporais adecuadas para previr lesións óseas, circulatorias e musculares.
CA3.8 Caracterizáronse as ferramentas e os utensilios necesarios para o proceso.
CA3.9 Aplicáronse protocolos de hixiene e mantemento de lenzaría e ferramentas.
CA3.10 Seleccionáronse os moldes en función das características do cabelo e o resultado desexado.
CA3.11 Seleccionáronse os cosméticos adecuados para o cambio de forma permanente.
CA3.12 Manipuláronse e conserváronse os produtos químicos e cosméticos en condicións de seguridade e hixiene.
CA3.13 Refugáronse materiais e produtos non adecuados, caducados ou en mal estado, xestionando convenientemente a súa eliminación.

4.3.e) Contidos

Contidos
Espazo de traballo e equipamento: organización, hixiene e mantemento.
Preparación do persoal profesional. Medidas para a súa protección e a da clientela: hixiene postural e ergonomía.
Prevenición de accidentes e reaccións adversas.
Actitudes e aptitudes profesionais.
Deontoloxía profesional.
Criterios de selección de utensilios. Tipos de moldes e características: mantemento e limpeza.

Contidos

Criterios de selección de aparellos emisores de calor húmida (vaporal, etc.) e calor seca (infravermellos e aire): mantemento e limpeza.

Lenzaría e ferramentas: clasificación e descrición; mantemento e limpeza.

Cosméticos: criterios de selección, pautas para a preparación, manipulación, aplicación e conservación dos cosméticos.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Protocolos da ondulación permanente, identificando os métodos de redución, enrolamento e neutralización do cabelo.	32

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica protocolos de ondulación permanente, identificando os métodos de redución, enrolamento e neutralización do cabelo.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Comprobase o estado do cabelo.
CA4.2 Realizáronse as técnicas de hixiene previas á ondulación permanente.
CA4.3 Seleccionáronse os cosméticos e os utensilios en función da análise previa.
CA4.4 Realizouse a repartición do cabelo en función da montaxe seleccionada.
CA4.5 Realizouse o enrolamento do cabelo sobre os moldes segundo a secuencia establecida.
CA4.6 Verificouse a montaxe dos moldes.
CA4.7 Aplicáronse os líquidos redutores na fase de saturación.
CA4.8 Controlouse a evolución do proceso durante o tempo de exposición.
CA4.9 Aplicouse o neutralizante seguindo o procedemento establecido.
CA4.10 Realizáronse os axustes necesarios no proceso.
CA4.11 Aplicáronse normas de prevención, seguridade e protección ambiental estipuladas, durante o proceso de traballo.
CA4.12 Aplicáronse normas para a xestión dos residuos xerados.

4.4.e) Contidos

Contidos
Criterio de selección de técnicas previas á ondulación. Procedemento de traballo. Precaucións. Repartición do cabelo segundo a técnica de montaxe.
Técnicas de hixiene previas á ondulación permanente.
Técnicas e tipos de enrolamento. Parámetros para a realización do enrolamento: zona de inicio, grosor e lonxitude da mecha, dirección, tracción, utensilios, etc. Secuencia e orde de realización.
Técnicas de saturación: tipos (directa e indirecta) e criterio de selección; vantaxes e inconvenientes; precaucións.
Técnica de neutralización: procedemento, fases, pautas de aplicación e criterio de selección; vantaxes e inconvenientes; precaucións.
Variables que determinan o proceso de ondulación permanente.
Control do proceso.

Contidos
Xestión de residuos.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Protocolos de alisamento ou desrizamento permanentes identificando as fases do proceso.	32

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Aplica protocolos de alisamento ou desrizamento permanente e identifica as fases do proceso.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Establecéronse parámetros para a realización de desrizamentos ou alisamentos do cabelo.
CA5.2 Determinouse a técnica de aplicación, segundo as características do cabelo.
CA5.3 Realizáronse as técnicas de hixiene previas ao proceso de desrizamento permanente.
CA5.4 Seleccionáronse os cosméticos e os accesorios necesarios para a aplicación da técnica.
CA5.5 Aplicáronse os líquidos redutores para o alisamento permanente.
CA5.6 Controlouse a evolución do proceso durante o tempo de exposición.
CA5.7 Aplicouse o neutralizante seguindo o procedemento establecido.
CA5.8 Realizáronse os axustes necesarios no proceso.
CA5.9 Aplicáronse normas de prevención, seguridade e protección ambiental estipuladas, durante o proceso de traballo.
CA5.10 Determináronse os coidados posteriores ao desrizamento.
CA5.11 Identificáronse tendencias e novos produtos de desrizamento e alisamento.
CA5.12 Aplicáronse normas para a xestión dos residuos xerados.

4.5.e) Contidos

Contidos
Alisamento e desrizamento permanente: mecanismo de acción, efectos, indicacións e incompatibilidades. Criterio de selección de cosméticos segundo a súa forma cosmética.
Técnicas de hixiene previas ao desrizamento ou alisamento permanente.
Técnicas de aplicación do redutor: procedemento, fases e pautas de realización; vantaxes e inconvenientes; precaucións.
Técnica de neutralización: procedemento, fases e pautas de realización; vantaxes e inconvenientes; precaucións.
Control do proceso.
Xestión de residuos.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Control de calidade nos procesos de cambios de forma permanente, avaliando os resultados.	6

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Analiza os parámetros que definen a calidade nos procesos de cambio de forma permanente, controlando os aspectos que deban terse en conta na avaliación de resultados.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Determináronse os factores que afecten o resultado.
CA6.2 Relacionáronse os erros máis frecuentes na realización coa fase en que se produciran.
CA6.3 Propuxéronse medidas para adecuar os resultados obtidos aos esperados e para mellorar a prestación do servizo.
CA6.4 Aplicáronse medidas para avaliar a satisfacción da persoa usuaria.
CA6.5 Adoptáronse medidas de resolución das desviacións producidas no desenvolvemento da actividade.
CA6.6 Seguiuse o protocolo de actuación en casos de irritacións e alerxias.

4.6.e) Contidos

Contidos
Factores mecánicos, químicos e térmicos que afectan o resultado na ondulación permanente.
Técnicas para avaliar o grao de satisfacción da persoa usuaria.
Análise das desviacións producidas no proceso de cambio de forma permanente: control do rizo, volume e estado do cabelo.
Asesoramento profesional e propostas doutros tratamentos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

UD1: Transformación do cabelo

- CA1.1. Identificáronse os métodos de cambios de forma permanente do cabelo.
- CA1.2. Descríronse os mecanismos de acción dos produtos redutores e neutralizantes.
- CA1.3. Comparáronse os procedementos de ondulación permanente ao longo da historia cos actuais.
- CA1.4. Recoñécéronse os efectos dos cambios de forma permanente no cabelo.
- CA1.5. Diferenciáronse os métodos de realización en función do enrolamento, o molde e os cosméticos.
- CA1.6. Xustificáronse as vantaxes e os inconvenientes dos métodos de realización.
- CA1.7. Determináronse os criterios de selección do método.
- CA1.8. Establecéronse as contraindicacións da aplicación.

UD2: Individualización do proceso

- CA2.1. Identificáronse as demandas da persoa usuaria.
- CA2.2. Especificáronse as características físicas e químicas do cabelo con repercusión nestas técnicas.
- CA2.3. Recoñeceuuse a influencia doutros procesos de peiteado (coloración, descoloración, etc.) na selección técnica.
- CA2.4. Identificáronse as alteracións do coiro cabeludo e do cabelo.
- CA2.5. Rexistráronse os datos máis salientables na ficha técnica.
- CA2.6. Deseñáronse procedementos de traballo personalizados.
- CA2.7. Xustificouse a proposta estética interpretando a demanda e a análise.

UD3: Preparación da área de traballo xustificando o procedemento.

- CA3.1. Acondicionáronse as instalacións en óptimas condicións de seguridade e hixiene, aplicando os métodos de limpeza, desinfección e/ou esterilización necesarios.
- CA3.2. Identificáronse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros de traballo e superiores
- CA3.3. Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
- CA3.4. Especificáronse os aspectos básicos da imaxe do profesional.
- CA3.5. Estudáronse as medidas de protección e seguridade do profesional e a persoa usuaria
- CA3.6. Identificáronse as posturas corporais adecuadas para previr lesións óseas, circulatorias e musculares.
- CA3.7. Caracterizáronse as ferramentas e os utensilios necesarios para o proceso.
- CA3.8. Aplicáronse protocolos de hixiene e mantemento de lenzaría e ferramentas
- CA3.9. Manipuláronse e conserváronse os produtos químicos e cosméticos en condicións de seguridade e hixiene.
- CA3.10. Refugáronse materiais e produtos non adecuados, caducados ou en mal estado, xestionando convenientemente a súa eliminación.
- CA3.11. Aplicáronse normas de prevención, seguridade e protección ambiental estipuladas, durante o proceso de traballo..
- CA3.12. Selecciónanse os cosméticos e os accesorios necesarios para a aplicación da técnica.
- CA3.13. Aplicáronse normas de prevención, seguridade e protección ambiental estipuladas, durante o proceso de traballo.

UD 4: Protocolos da ondulación permanente, identificando os métodos de redución, enrolamento e neutralización do cabelo.

- CA4.1. Comprobouse o estado do cabelo.
- CA4.2. Realizáronse as técnicas de hixiene previas á ondulación permanente.

- CA4.3. seleccionáronse os cosméticos e os utensilios en función da análise previa.
- CA4.4. Realizouse a repartición do cabelo en función da montaxe seleccionada.
- CA4.5. Realizouse o enrolamento do cabelo sobre os moldes segundo a secuencia establecida.
- CA4.6. Verificouse a montaxe dos rulos.
- CA4.7. aplicáronse os líquidos reductores na fase de saturación.
- CA4.8. Controlouse a evolución do proceso durante o tempo de exposición.
- CA4.9. Aplicouse o neutralizado seguindo o procedemento establecido.
- CA4.10. Realizáronse os axustes necesarios no proceso.
- CA4.11. Aplicáronse normas de prevención, seguridade e protección ambiental estipuladas, durante o proceso de traballo.

UD5: Protocolos de alisamento ou desrizamento permanentes identificando as fases do proceso.

- CA5.1. Establecéronse parámetros para a realización de desrizamentos ou alisamentos do cabelo
- CA5.2. Determinouse a técnica de aplicación, segundo as características do cabelo.
- CA5.3. Realizáronse as técnicas de hixiene previas ao proceso de desrizamento permanente.
- CA5.4. Seleccionáronse os cosméticos e os accesorios necesarios para a aplicación da técnica.
- CA5.5. Aplicáronse os líquidos reductores para o alisamento permanente
- CA5.6. Controlouse a evolución do proceso durante o tempo de exposición.
- CA5.7. Aplicouse o neutralizante seguindo o procedemento establecido.
- CA5.8. Realizáronse os axustes necesarios no proceso
- CA5.9. Aplicáronse normas de prevención, seguridade e protección ambiental estipuladas, durante o proceso de traballo.
- CA5.10. Determináronse os coidados posteriores ao desrizamento.
- CA5.11. Identifícaronse tendencias e novos produtos de desrizamento e alisamento

UD6: Control de calidade nos procesos de cambios de forma permanente, avaliando os resultados.

- CA6.1. Determináronse os factores que afecten o resultado.
- CA6.2. Relacionáronse os erros máis frecuentes na realización coa fase en que se produciran.
- CA6.3. Propuxéronse medidas para adecuar os resultados obtidos aos esperados e para mellorar a prestación do servizo.
- CA6.4. Aplicáronse medidas para avaliar a satisfacción da persoa usuaria.
- CA6.5. Adoptáronse medidas de resolución das desviacións producidas no desenvolvemento da actividade.
- CA6.6. Seguiuuse o protocolo de actuación en casos de irritacións e alerxias.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A cualificación final da avaliación (N) será un número enteiro do 1 ó 10. Para o seu cálculo teránse en conta os contidos procedimentais (P), conceptuais (A) aplicándose a fórmula que se indica de seguido, sendo o P,C a nota obtida nos correspondentes apartados sobre 10.

Considéranse aprobados aqueles alumnos que obteñan unha cualificación igual ou superior a 5.

As porcentaxes coas que se formará a nota final serán:

Alumnado con avaliación continúa

70% Contidos procedimentais:

35% Exámenes prácticos

35% Traballos prácticos de aula-taller

30% Contidos conceptuais:

Probas escritas e/ou orais

Traballos teóricos.

Alumnado con perda de avaliación continua e que se presenta a unha proba extraordinaria:

80% Contidos procedimentais

Proba práctica

20% Contidos conceptuais

Proba escrita

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitudes: Observación e anotación nunha lista de cotexo

Probas escritas:

Respostas a preguntas e cuestións das unidades de traballo.

Representacións gráficas.

Elaboración de resúmenes e exercicios.

Probas orais: Respostas a preguntas sobre as prácticas diarias e sobre contidos explicados con anterioridade.

Probas prácticas: Probas prácticas puntuais, das que se fará un rexistro nunha táboa de observación ou lista de cotexo.

Traballos individuais ou en grupo: Traballo na aula

Traballos prácticos mínimos diarios que se rexistrarán nunha lista de cotexo.

Aclaracións dos instrumentos de avaliación:

Considerarase falta de puntualidade entrar entre 5 e 15 minutos despois de soar o timbre de entrada.

Pasados máis de 15 minutos a falta será de asistencia.

A acumulación de dúas faltas de puntualidade continuadas, ou tres discontinuas será tratada como unha falta de asistencia..

O alumnado debe mostrar:

- Interese polo traballo que se realiza.
- Un trato coa clientela, profesores, compañeiros e toda a comunidade educativa en todo momento aberto, educado, discreto, prudente e creando unha atmosfera agradable.
- Orde, puntualidade, limpeza e respecto polo material de traballo tanto propio como alieo.
- Cumprimento dos turnos de hixiene
- Usar en todo momento un vocabulario axeitado e exento de palabras ou expresións malsoantes.
- Respecto polas normas establecidas no centro educativo, tanto polas xerais como as específicas do departamento de Imaxe Persoal para a posta en práctica do proceso de ensino/aprendizaxe deste módulo co fin de facilitar a convivencia actual e fomentar a formación de profesionais

mais completos.

- Respecto polas opinións alleas e os traballos doutros profesionais.
- Predisposición para axudar ós compañeiros de traballo, á colaboración e traballo en equipo.
- Interese por ter e manter a hixiene e a imaxe persoal óptima.
- Uniforme limpo e pranchado.
- Interese por coñecer as tendencias da moda en canto a cambios de forma no cabelo, e por asistir a congresos, demostracións e outras actividades relacionadas coa profesión.
- Valoración negativa dos alumnos/as que se neguen a facer os traballos que se lle indiquen e a atender os modelos ou compañeiros que se lle adxudiquen.
- Participación activa do alumno tanto nas clases como en calquera actividade que se organice ou nas que se participe

PROBAS ESCRITAS

En tódalas recuperacións de probas escritas o resultado será apto= 5 ou non apto. Dado que as probas de contidos conceptuais puntúan un 30%, en caso de recuperación será dun 20%.

Valoración negativa dos alumnos/as sorprendidos con algún medio para copiar nun exame. Terá que entregar o exame e a avaliación estará suspensa.

PROBAS PRÁCTICAS E TRABALLOS NA AULA

Os traballos e as probas prácticas en cada avaliación desglosanse da seguinte maneira:

1ª Avaliación:

- Realización de 4 exercizos mínimos de alisado :
 - 1 de alisado permanente japonés.
 - 2 tratamento reestructurante de queratina
 - 1 alisado progresivo de queratina.

- Tres exercicios de montaxe de permanente rizada clásica con bigudíes. (40 min)
- Tres exercicios montaxe de permanente ondulada direccional con bodys. (40 min)
- Tres exercicios montaxe de permanentes coa técnica de montaxe en abanico. (40 min)

2ª Avaliación:

- Exercicios de repaso de alisado xaponés, queratina e tratamento reestructurante.
- Dous exercicios de montaxe de ondulación en puntas.
- Dous exercizos de montaxe de ondas surferas con coletas.
- Dous exercizos de montaxe de ondulado de raíz
- Dous exercizos de montaxe de dobre bidudí
- Dous exercicios obrigatorios de simulación de permanentes coa técnica de riccis
- Un cambio de forma permanente en maniquí (bigudí ou body, a sorteo)
- Realización de 2 Exames * de cambio de forma permanente rizada:
 - 1 montaxe clásico con bigudíes
 - 1 montaxe direccional con bodys ou riccis.

Nos traballos e probas a realizar na aula valorase:

- O número de traballos tras cumprir o mínimo establecido , calidade, destreza, dificultade e variedade dos traballos.
- Hixiene nos traballos e probas a realizar na aula valorase:
- O número de traballos que supere o mínimo establecido.

Terase en conta a hora de calificar:

- Preparación do posto de traballo
- Preparación e protección do modelo
- Diagnóstico
- Selección de material
- Selección de cosméticos necesarios.
- Selección do proceso en base ó diagnóstico
- Execución: dificultade, destreza, corrección ergonómica, tempo de execución, calidade do resultado.
- Orde, limpeza, hixiene e desinfección

Aclaracións no sistemas de cualificacións:

- Valorarase (no apartado de traballos) a participación en actividades extraescolares que complementan a formación do alumnado, realizándose seguidamente traballos, exercicios ou respostándose preguntas sobre as mesmas.
- As actividades relacionadas co módulo que se organicen (prácticas no Centro da terceira idade San Xosé e ou outros establecementos, xornadas de formación, conferencias, desfile), serán puntuables e obrigatorias.
- Para aprobar a avaliación, o alumno deberá obter como mínimo o 50% da nota en cada un dos apartados, e cando non sexa así a avaliación quedará suspensa ata que recupere o apartado correspondente..
- A avaliación é contínua polo que non se poderá superar unha avaliación sen ter superado previamente as anteriores. A nota final coincidirá coa da terceira avaliación. Para obter a nota da terceira avaliación terase en conta o traballo, a constancia, participación, comportamento, esforzó e evolución do alumno/a durante o curso, podendo o profesor se o estima oportuno aumentar a nota da 3ª avaliación e final ata 1 punto.
- Deberanse acadar os contidos mínimos establecidos para superar o módulo.

As probas e traballos prácticos realizaranse en modelo humano. Se non houberse suficientes modelos no centro, os alumnos traerán os seus propios modelos.

Os alumnos teñen que posuír o seu propio material, limpo e desinfectado, en orden, e en perfecto estado, aspecto que repercutirá na nota final.

Caso de non presentarse a un exame ou proba

Se un alumno/a non se presenta (sen causa xustificada) a unha proba ou exame obterá como cualificación na mesma un cero. Esta proba (teórica ou práctica) só se lle repetirá no caso de enfermidade sobrevenida xustificada polo médico.

Caso de non presentar en prazo un traballo

Se un alumno/a nunha avaliación non presenta un traballo no prazo establecido, a cualificación será un cero. En todo caso, e aínda que a cualificación do traballo non é recuperable, a súa entrega será condición imprescindible antes da avaliación para poder aprobar. De non entregalo, suspenderá a avaliación e a entrega do traballo será requisito indispensable para recuperala.

Tratamento dos decimais

A cualificación dunha avaliación sempre se fará mediante un número enteiro, motivo polo que os decimais resultantes se redondearán á alza ou á baixa ó enteiro mais próximo; se equidistara de dous enteiros consecutivos, redondearase ó superior.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

DAS PARTES NON SUPERADAS:

O alumnado que non supere algunha avaliación total ou parcialmente, daránselle as orientacións e apoios necesarios para intentar superala, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados.

As actividades de recuperación ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Actividades de recuperación:

- Entrega de material de traballo específico na aula para o alumnado que o precise.
- Comentario e análise do traballo entregado e resolución de dúbidas nas horas de clase practicando os traballos de maior difi cultade para o alumno/a.
- As probas de recuperación serán similares ás de avaliación.
- De tódalas probas que se suspendan, farase una recuperación ó longo da avaliación seguinte.

MÓDULO NON SUPERADO

Ó alumno/a que suspenda na avaliación previa á FCT, en marzo, elaboraselle un informe de avaliación individualizado que conterá información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non acadados. Programaranse actividades e probas, a realizar para a súa recuperación, durante a terceira avaliación; e proporcionarase información sobre o período de realización , temporalización e data en que será avaliado.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado perderá o dereito á avaliación continua cando o número de faltas alcance o 10% da carga horaria total do módulo. O profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación das faltas .

O alumnado ten dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa a avaliación final de módulo.

A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final do módulo. Esta proba abarcará a totalidade da materia vista durante o curso.

A data de celebración da proba extraordinaria será a acordada polo equipo educativo e o equipo directivo, sobre a base dos regulamentos de organización e funcionamento do centro e darase a coñecer ó alumnado no taboleiro informativo con antelación suficiente.

Alumnado con perda de avaliación continua:

80% Contidos procedimentais, (será unha proba teórico-práctica).

20% Contidos conceptuais, (proba escrita).

A proba teórico-práctica:

Duración: 4horas

Contido da proba:

Proba escrita (coestións sobre os contidos conceptuais).(1 hora)

Proba práctica (3 horas):

- Selección, preparación e manipulación axeitada dos espazos, útiles e cosméticos para realizar o traballo práctico en condicións de seguridade e hixiene idóneas.
- Realización práctica de unha ondulación permanente.
- Realización práctica de un moldeado.
- Realización práctica de un ahuecado de raiz
- Realización práctica de un desrizamento.
- Realización de unha proba práctica dos CA mínimos.

Dado que é preciso acadar o 50% da nota en cada apartado para poder aprobar, será requisito indispensable superar a proba escrita para poder realizar a práctica.

O/a alumno/a deberá traer un/unha modelo para poder realiza-la proba e o material necesario

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A presente programación avaliarase mediante o procedemento establecido polo control do sistema de calidade establecido no centro. Dito control realizase principalmente por medio do cumprimento dos seguintes documentos:

- Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.
- Memoria fin de curso, na que, entre outros temas, trátase da porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.
- Ademáis, en reunión de departamento, o longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado que terá por obxecto analizar a avaliación inicial feita ós alumnos e coñecer as características e a formación previa de cada un, así como as súas capacidades. Serve de punto de partida ó equipo docente, permitíndolle adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilización modular, aínda que en ningún caso se permitirán adaptacións curriculares significativas. Así mesmo deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

A avaliación inicial realizarase conforme o procedemento establecido polo control do sistema de calidade do centro. Dito control realizase principalmente por medio do cumprimento do documento de avaliación inicial e mediante entrevista persoal cando se considere necesario.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dada a diversidade de alumnado que accede aos ciclos formativos, traballaremos os contidos segundo as necesidades do momento, do grupo e do alumno/a en particular.

Ó longo do curso presentaranse exercicios e actividades con diferentes grados de dificultade, o cal permite ao profesor/a seleccionar os mais adecuados ó nivel do alumnado e ás súas capacidades. Para seleccionar os mais axeitados, terase en conta a avaliación inicial, o progreso e o grado de consecución dos obxectivos prantexados.

Ó alumnado que non responda ós obxectivos programados, daránselle as orientacións e apoios necesarios, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados.

As actividades reforzo e afondamento ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Actividades de reforzo e de afondamento:

Entrega de material de traballo específico na aula para o alumnado que o precise.

- Análise do traballo e resolución de dúbidas que lles xurdan ós alumnos/as para poder traballar a fondo as actividades propostas durante as horas de clase.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Trataremos os seguintes:

1. Educación moral e cívica

Obxectivos

1. Desenvolver criterios de actuación que favorezan a responsabilidade e comportamentos de respecto, honestidade e xustiza no posto de traballo.
2. Identificar e valorar a importancia da responsabilidade, a honestidade e xustiza no centro escolar e no mundo laboral.
3. Concienciarse da importancia tanto da propia liberdade como das obrigas de cara ós demais: clientes, compañeiros, superiores...

Inserción e aplicación

1. Durante os traballos no taller, tanto entre compañeiros como durante a atención ó público.

Enfoque metodolóxico

1. Simular na aula situacións nas que os alumnos teñan que reflexionar, valorar, argumentar e tomar decisións sobre a aplicación dos criterios de actuación que favorezan trocos responsábeis e comportamentos de respecto, honestidade e xustiza no posto de traballo.
2. Resolver dilemas morais que pechen conflitos éticos de solidariedade e xustiza nun contexto laboral, buscado posicionarse a través de criterios de argumentación claros e precisos.
3. Análise das propias pautas de actuación ante situacións de traballo en grupo nas que a colaboración determina o éxito ou o fracaso.
4. Desenvolver exercicios de cooperación nos que sexa necesario un compromiso para levar adiante un proxecto.

Proposta de avaliación

1. Valorar o comportamento do alumno/a na resolución de situacións de aula e no desenvolvemento de exercicios persoais e/ou de grupo.

2. Educación para a saúde

Obxectivos

1. Coñecer e adoptar modos de vida sans dentro do ámbito laboral, comprendendo e asumindo as consecuencias que se derivan deles.
2. Reflexionar sobre as razóns que conducen a prácticos sociais e medioambientais non saudables dentro do ámbito laboral, e rexeita-las optando por valores que favorecen o benestar.

Inserción e aplicación

1. Na análise dos riscos no ámbito laboral.
2. Na aplicación de medidas de prevención e protección.
3. Na aplicación de medidas sanitarias en caso de accidente.

Enfoque metodolóxico

1. Análise dos posibles riscos que para a saúde ten o traballo, segundo sexan as condicións de aplicación das medidas de seguranza e hixiene.
2. Aplicación de medidas preventivas e de protección durante a execución dos traballos prácticos na aula..

Proposta de avaliación

Obxectivos

1. Coñecer e adoptar modos de vida sans dentro do ámbito laboral, comprendendo e asumindo as consecuencias que se derivan deles.
2. Reflexionar sobre as razóns que conducen a prácticos sociais e medioambientais non saudables dentro do ámbito laboral, e rexeita-las optando por valores que favorecen o benestar.

Inserción e aplicación

1. Na análise dos riscos no ámbito laboral.
2. Na aplicación de medidas de prevención e protección.
3. Na aplicación de medidas sanitarias en caso de accidente.

Enfoque metodolóxico

1. Análise dos posibles riscos que para a saúde ten o traballo, segundo sexan as condicións de aplicación das medidas de seguranza e hixiene.
2. Aplicación de medidas preventivas e de protección durante a execución dos traballos prácticos na aula..

Proposta de avaliación

Enfoque metodolóxico

1. Resolver situacións que supoñan un conflito ou dilema moral, nas que se teña que reflexionar, aceptar, valorar, argumentar e actuar mantendo unha actitude de respecto e tolerancia ante a diversidade social.

Proposta de avaliación

1. Observar e valorar o comportamento do alumno/a en situacións de aula.

As nosas conductas son a manifestación dos nosos valores, de aí a importancia de comezar desde unha idade temperá a educar en valores. Pero para formar bos profesionais, que saiban convivir, compartir, colaborar con compañeiros, clientes..., é indispensable formar ó mesmo tempo adultos responsables, respetuosos, honestos, humildes, tolerantes,...., polo que se incidirá neste tema ó longo do curso.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Participación en concursos relacionados coa profesión: Color Art, Skills...
- Visitas a feiras profesionais, congresos...
- Asistencia a cursos e xornadas de formación realizados por casas comerciais e profesionais do sector.
- Organización e participación en actividades diversas que impliquen a colaboración dos alumnos: desfile de perrucaría e estética, obras de teatro, rodaxes películas, galas profesionais e outros proxectos.
- Visitas a distintos medios de comunicación.
- Visitas a balnearios, spas, fábricas de cosméticos, de cabelo...
- Realización de prácticas fora do centro educativo en horas lectivas, noutros centros públicos ou privados, sempre que se considere oportuno.
- Elaboración de material didáctico en vídeo, fotografías...
- Seguimento das novas publicacións: vídeos, libros, revistas...

10.Outros apartados

10.1) Aula virtual

-O principio do curso informarse ós alumnos dos contidos do módulo, como desenvolveranse ás clases e ás actividades ,así como os criterios de avaliación

-Antes das avaliacións ,informarase dos criterios de avaliación aplicados a mesma,de acordo coas actividades desenvolvidas.

Os posibles estados excepcionais ó longo do curso, con ausencias temporais de alumnado debidamente xustificadas , quedan contemplados facendo previsión das medidas a tomar neses casos (ensino online, curso virtual...).

Con ese fin, comprobarase, a principios de curso e durante a avaliación inicial do módulo, a dispoñibilidade de medios TIC, conexión a internet e de teléfono móbil (con cámara e gravadora/reprodutora de vídeo) por parte de todo o alumnado.

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación e mínimos esixibles, serán os previstos no apartado 5

Os exames previstos para ser realizados de xeito presencial, serán adiados so para aqueles alumnos/as que xustifiquen segundo normativa a súa ausencia.